

O.A. Terra de Sanxenxo

Expediente núm.: 309/2024

Resolución

Procedemento: SOLICITUDE DE NOVO INGRESO ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (0-3 ANOS). CURSO 2023-24

Asunto: Solicitud de novo ingreso Escolas Infantís Municipais_Curso 2024/25

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Resolución da Presidencia	15/03/2024	Apertura do prazo para a presentación de solicitudes de novo ingreso nas Escolas Infantís Municipais de O Revel e O Tombo para o curso 2024/25
Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais	30/11/2012	Publicado no BOP núm. 231 do 30/11/2012
Proposta da Comisión de Baremación Intercentros das Escolas Infantís Municipais	30/04/2024	Proposta para a publicación de listaxes provisionais de admitidos, non admitidos e de agarda.
Listaxes provisionais de admitidos, non admitidos e de agarda na EIM O Revel e na EIM O Tombo	02/05/2024	

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar e publicar as listaxes provisionais de admitidos, non admitidos e de agarda nas Escolas Infantís Municipais de O Tombo e O Revel para o curso escolar 2024/25.

SEGUNDO. As persoas solicitantes disporán dun prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución das listaxes provisionais, para a presentación das reclamacións que consideren oportunas. Estas presentaranse preferiblemente na sede electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal>). Opcionalmente poderanse presentar de maneira presencial no Rexistro do O.A. Terra de Sanxenxo (Casa do Concello, rúa Madrid, 1 – 36960 Sanxenxo) de acordo co disposto no artigo 68 da Lei, 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación das listaxes definitivas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

